



Acta da Comisión Permanente do día 22 de febreiro de 2023

Anexos:

- I. Convocatoria da Comisión Permanente do 22/02/2023
- II. Asistentes á Comisión Permanente do 22/02/2023
- III. Tribunais de TFG que xulgarán os traballos presentados nesta vindeira convocatoria.

Ábrese a sesión, en segunda convocatoria, ás 13 horas na Sala de Xuntas do módulo de Dirección da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, presidida pola Subdirectora de Planificación e Organización Académica, Dona María Araújo Fernández, e se tratan os seguintes puntos na orde do día:

1. **Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior, ordinaria celebrada o 18 de xaneiro de 2023.**

A Comisión Permanente aproba, por asentimento, a acta da sesión anterior.

2. **Aprobación, se procede, de solicitudes relacionadas coa xestión académica: solicitudes de recoñecemento de créditos, de ampliación de matrícula, de matrícula a tempo parcial, etc.**

Non hai.

3. **Nomeamento, se procede, dos tribunais de TFG que xulgarán os traballos que se van defender nesta vindeira convocatoria.**

A Presidenta sinala que se achegaron 7 solicitudes (2 do GERME e 5 do GEE). Comenta a proposta de organización de sesións e tribunais para o 1 de marzo (ANEXO III). Lembra que a proposta de composición dos tribunais faise adaptada ás temáticas dos traballos e sinala que falta por confirmar a participación dun profesor do Departamento de Enxeñaría Eléctrica para pechar o tribunal correspondente ao GEE. Proponse delegar na dirección a composición definitiva deste tribunal.

Apróbbase por asentimento a proposta de configuración dos tribunais; cando sexa definitiva publicarase na web e na materia de Moovi.

4. **Aprobación, se procede, do calendario de Prácticas de Campo e Saídas de Estudo para o segundo cuadrimestre do curso académico 2022/2023.**

A Presidenta lembra que se habilitou o procedemento habitual e se achegaron 14 solicitudes de saídas de campo e sinala que encaixan ben aínda que resta pechar algunha data.

N.	Materia	Titulación	Destino	Nº previsto de alumnos	Data prevista da viaxe
1.	Xeofísica, xeoquímica e xeotermia	Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos	Instalación xeotérmica por determinar	xx	xx-03-2023
2.	Xeofísica, xeoquímica e xeotermia	Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos	Visita a proxecto de investigación por determinar	xx	xx-03-2023
3.	Enxeñaría de minerais e materiais	Master Universitario en Enxeñaría de Minas	Padrón (A Coruña)	7	10-03-2023
4.	Tecnoloxía de combustibles alternativos	Grao en Enxeñaría da Enerxía	EnergyLab Campus Universitario Vigo	30	17-03-2023
5.	Tecnoloxía de combustibles alternativos	Grao en Enxeñaría da Enerxía	Teixeiro (A Coruña)	30	22-03-2023
6.	Todas as dos Graos impartidos na EEME	Grao en Enxeñaría da Enerxía / Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos	Meirama (A Coruña)	30	31-03-2023
7.	Explotación sostible de Recursos Mineiros II	Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos	Villamartín de Valdeorras	6	21-04-2023
8.	Todas as dos Graos impartidos na EEME	Grao en Enxeñaría da Enerxía / Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos	Oviedo (Asturias)	30	24/27-04-2023
9.	Xeración eléctrica, renovable e convencional	Grao en Enxeñaría da Enerxía	San Ciprián das Viñas (Ourense)	24	05-05-2023
10.	Enxeñaría da auga	Master Universitario en Enxeñaría de Minas	EDAR Vigo (Pontevedra)	12	09-05-2023
11.	Todas as dos Graos impartidos na EEME	Grao en Enxeñaría da Enerxía / Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos	O Porriño (Pontevedra)	30	12-05-2023
12.	Todas as do Master Universitario en Enxeñaría de Minas	Master Universitario en Enxeñaría de Minas	Varias provincias	20	11/15-06-2023
13.	Enxeñaría de minerais e materiais	Master Universitario en Enxeñaría de Minas	Vilagarcía de Arousa (Pontevedra)	10	Por determinar
14.	Enxeñaría de minerais e materiais	Master Universitario en Enxeñaría de Minas	Sarria (Lugo)	10	Por determinar

Apróbase por asentimento o calendario de Prácticas de Campo e Saídas de Estudos para o segundo cuadrimestre do curso académico 2022/2023..

5. Rogos e preguntas.

Non hai.



Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13 horas e 10 minutos do día de hoxe, do que como secretario dou fe en Vigo, a vinte e dous de febreiro de dous mil vinte e tres.

Vº e Prace
A Presidenta

O Secretario

María Araújo Fernández

Guillermo García Lomba



ANEXO I

Convocatoria da Comisión Permanente do 22/02/2023



Asunto: Convocatoria ordinaria da Comisión Permanente da EEME

Por orde da súa presidenta, convócase reunión ordinaria da Comisión Permanente da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía para o mércores, 22 de febreiro de 2023, ás 12:30 h en primeira convocatoria e as 13:00 h en segunda.

A reunión terá lugar, **na modalidade presencial**, na Sala de Xuntas do módulo de Dirección da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, e se tratarán os seguintes puntos na orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior, ordinaria celebrada o 18 de xaneiro de 2023.
2. Aprobación, se procede, de solicitudes relacionadas coa xestión académica: solicitudes de recoñecemento de créditos, de ampliación de matrícula, de matrícula a tempo parcial, etc.
3. Nomeamento, se procede, dos tribunais de TFG que xulgarán os traballos que se van defender nesta vindeira convocatoria.
4. Aprobación, se procede, do calendario de Prácticas de Campo e Saídas de Estudo para o segundo cuatrimestre do curso académico 2022/2023.
5. Rogos e preguntas.

Vigo, 15 de febreiro de 2023
O Secretario

Guillermo García Lomba

A TODOS OS MEMBROS DA COMISIÓN PERMANENTE DA EE DE MINAS E ENERXÍA





ANEXO II

Asistentes á Comisión Permanente do 22/02/2023



Asistentes á Comisión Permanente do 22 de febreiro de 2023
Presidenta da Comisión
María Araújo Fernández
Secretario da Comisión
Guillermo García Lomba
Subdirector/a
Raquel Pérez Orozco
Profesorado
Pablo Eguía Oller
Fernando García Bastante
Eduardo Giráldez Pérez
M ^a del Carmen Pérez Pérez
Javier Vijande López
Estudantes
Carmen Alonso Pérez
Alejandro Casal Barrerio
Santiago Domínguez Blanco
PAS
M ^a Carmen Romo Pérez

Desculparon a súa ausencia Teresa Rivas Brea e Belén Parente Artime.



ANEXO III

Tribunais de TFG que xulgarán os traballos presentados nesta vindeira convocatoria